

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A ERA DAS REVOLUCIÓNS: 1770-1870

As revolucións burguesas

As reformas realizadas durante a Ilustración non transformaron o Antigo Réxime. Por iso, a finais do século XVIII producíronse unha serie de revolucións coñecidas como «revolucións burguesas», porque a burguesía foi a súa principal beneficiaria.

Os obxectivos das revolucións

Unha revolución política é unha acción violenta para conquistar o poder e establecer un novo sistema político. A finais do XVIII os obxectivos políticos dos revolucionarios foron dous:

- **Crear un sistema político liberal** baseado nos dereitos naturais humanos (liberdade, propiedade, igualdade ante a lei), na soberanía nacional, a separación de poderes e cunha Constitución que os garantise.

- **Crear unha sociedade aberta**, sen privilexios nin estamentos, na que a promoción social dependese do mérito e da riqueza.

As revolucións


- En **1776**, as colonias británicas de América do Norte declaráronse independentes de Gran Bretaña e constituíron os Estados Unidos de América.

- En **1789** iniciouse en Francia a revolución contra o absolutismo, que difundiu o liberalismo e desembocou no período napoleónico.

- En **1820, 1830 e 1848** producíronse sucesivas ondadadas revolucionarias que estableceron réximes liberais en numerosos países europeos.

- En **1870**, o nacionalismo favoreceu as unificacións de Italia e de Alemaña.

- 1 A liña do tempo das revolucións: sinala os sucesos ocorridos no seguinte eixe cronolóxico.



- 2 Busca o significado das seguintes expresións. Consulta o teu libro de texto se é necesario.

– igualdade ante a lei

– soberanía nacional

– Constitución

– Antigo Réxime

– revolución

– nacionalismo

Nome e apelidos:

3 Sitúa cada uno dos termos e conceptos seguintes na columna que lle correspon-da.

- Réxime parlamentario
- Sociedade estamental
- Desigualdade ante a lei
- Sociedade baseada no mérito e na riqueza
- Igualdade ante a lei
- Monarquía absoluta de orixe divina
- Soberanía nacional
- Privilexios

ANTIGO RÉXIME	RÉXIME LIBERAL
–	–
–	–
–	–
–	–

4 Recapitula o aprendido e responde ás seguintes cuestións.

- a) Por que se produciron revolucións liberais a partir de finais do século XVIII?
- b) Por que se adoita denominar «burguesas» estas revolucións?
- c) Que obxectivos pretendían as revolucións?
- d) Cales foron as dúas ocorridas a finais do século XVIII?
- e) Que revolucións durante o século XIX difundiron os principios liberais?
- f) Como influíu o nacionalismo en Alemaña e Italia?

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A INDEPENDENCIA DE ESTADOS UNIDOS

Na costa leste de América do Norte existían trece colonias británicas que se rebelaron contra Gran Bretaña.

As causas diso foron o descontento dos colonos porque carecían de representantes no Parlamento británico, por depender comercialmente de Gran Bretaña, e pola difusión das ideas da Ilustración. A chispa foi o intento británico de establecer novos impostos, o que orixinou en Boston o Motín do té (1773) e desencadeou a guerra de Independencia.

A guerra e a revolución (1775-1783)

O 4 de xullo de 1776, representantes das trece colonias proclamaron a unión das trece colonias e a **Declaración de Independencia dos Estados Unidos** de América. Nela recoñecía a igualdade de todas as persoas, o dereito á liberdade e á propiedade, e á soberanía nacional.

Gran Bretaña, derrotada en Yorktown, asinou a **Paz de Versalles** (1783) na que recoñecía a independencia de Estados Unidos.

As consecuencias da revolución: un novo sistema político

Finalizada a guerra, os Estados Unidos déronse a **Constitución de 1787**, primeira constitución escrita da historia. Nela establecíase a soberanía nacional, a división de poderes, e a **república federal**. Nesta, o Estado federal dirixe a política exterior, o **poder lexislativo** reside no Congreso, o **executivo** no Presidente, e o **xudicial** no Tribunal Supremo.

A revolución estadounidense demostrou que era posible levar á práctica as ideas ilustradas e liberais. Por iso tivo grande influencia na Revolución Francesa.

- 1 Observa o mapa e colorea o territorio das trece colonias británicas na costa leste de América do Norte.




Nome e apelidos:

- 2** Marca cun X cales das seguintes causas provocaron a revolución e a independencia de Estados Unidos.

Dependencia económica respecto a Gran Bretaña	
Doutrina económica do mercantilismo	
Limitacións establecidas ao comercio das colonias	
Despotismo Ilustrado	
Establecemento de novos impostos	
Ideas liberais e ilustradas	
Sociedade estamental	

- 3** Completa o seguinte organigrama do sistema político estadounidense e razoa se se trata dun sistema liberal.



- 4** Recapitula o aprendido e une con frechas os termos de ambas columnas.

- | | |
|---------------------------------|---|
| a) Motín do té | 1. República federal |
| b) Yorktown | 2. Recoñecemento da independencia de EE.UU. |
| c) Paz de Versalles | 3. Derrota militar de Gran Bretaña |
| d) Constitución de 1787 | 4. Recoñecemento de dereitos e liberdades |
| e) Declaración de Independencia | 5. Descontento dos colonos |

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

A REVOLUCIÓN FRANCESA

Entre 1789 e 1799, Francia viviu un período axitado pola revolución.

As causas foron moi variadas, destacando as seguintes:

- **Políticas e ideolóxicas:** a Ilustración proporcionou as bases teóricas para derribar o absolutismo; ademais, a revolución estadounidense foi un exemplo que había que seguir.

- **Sociais:** a burguesía desexaba ter maior influencia política, o campesiñado estaba

agoniado por impostos e os grupos populares urbanos vivían en condicións míseras.

- **Económicas:** a crise de subsistencia debida ás malas colleitas e o endebedamento do Estado levaron á monarquía a intentar unha reforma fiscal que obrigase a pagar aos estamentos privilexiados. Pero ante a negativa destes, o rei Luís XVI convocou os Estados Xerais, integrados por representantes dos tres estamentos, cos que se inicia a revolución.

1 Clasifica as causas da Revolución Francesa.

Político-ideolóxicas	Sociais	Económicas
—	—	—
—	—	—

2 Responde ás seguintes cuestións.

- Por que as ideas ilustradas contribuíron á revolución?
- Por que a revolución estadounidense foi un exemplo que debían seguir os revolucionarios franceses?
- Quen formaban a burguesía? Por que desexaba ter mais influencia política?
- Quen eran os privilexiados? Por que se negaron ao pagamento de impostos?

Nome e apelidos:

As etapas da revolución

Inicio (1789): os deputados do terceiro estado, que reclamaron sen éxito nos Estados Xerais deliberacións conxuntas dos tres estamentos e o voto por deputado, proclamáronse en Asemblea Nacional e, logo, en Constituínte, para darlle unha constitución a Francia.

A Asemblea Constituínte (1789-1791): o pobo de París asaltou a Bastilla. A Asemblea aboliu os dereitos señoriais, redactou a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán (1789), que recoñecía a igualdade ante a lei, e elaborou a Constitución de 1791, que establecía a soberanía nacional, a división de poderes e o sufraxio censitario.

A Asemblea Lexislativa (1791-92): tivo que facer fronte á oposición dos nobres e do rei, aos conflitos entre os revolucionarios moderados (xirondinos) e radicais (xacobinos), e á guerra contra Austria e Prusia, que apoiaban aos contrarrevolucionarios. Por iso, deu paso a unha nova Asemblea, denominada Convención.

A Convención (1792-1795) proclamou a república e executou a Luís XVI, o que orixinou unha guerra das potencias absolutistas europeas contra Francia. Os radicais xacobinos lograron o poder e, dirixidos por Robespierre, promulgaron unha Constitución máis democrática (1793), e utilizaron a represión contra os seus oponentes. A Convención, asustada, guillotinou a Robespierre e aos seus partidarios, pasando o poder aos moderados, quen elaboraron a Constitución de 1795 que restablecía o sufraxio restrinxido.

O Directorio e o Consulado (1795-1799): de acordo coa nova Constitución, o poder executivo pasou a un Directorio de cinco membros, que realizou numerosas campañas militares nas que destacou o xeneral **Napoleón Bonaparte**. Este, aproveitando o seu prestixio, deu un golpe de Estado (1799) e substituíu o Directorio por un Consulado integrado por tres cónsules, dos que el era o primeiro cónsul.

3 Escribe cada un dos seguintes termos no lugar que corresponda ás seguintes definicións.

- | | |
|--|------------------------|
| – ESTADOS XERAIS | – CONVENCIÓN |
| – DECLARACIÓN DE DEREITOS DO HOME E DO CIDADÁN | – DIRECTORIO |
| – SUFRAXIO CENSITARIO | – DIVISIÓN DE PODERES |
| | – IGUALDADE ANTE A LEI |

a) Igualdade de dereitos e de obrigacións de todos os cidadáns.

b) Asemblea tradicional francesa constituída por representantes dos tres estamentos: nobreza, clero e pobo.

c) Declaración dada en 1789 en Francia proclamando a igualdade ante a lei e o recoñecemento.

d) Sistema político creado en 1795 no que o poder executivo recaía en cinco Directores dunha ampla serie de liberdades e dereitos cívicos.

Nome e apelidos:

e) Separación dos poderes executivo, lexislativo e xudicial.

f) Dereito ao voto só para un sector da poboación, xeralmente ou de maiores recursos económicos.

g) Asemblea revolucionaria francesa constituída en 1792, que aboliu a monarquía e proclamou en Francia a república.

4 Responde ás seguintes cuestións e, se é necesario, consulta o teu libro de texto.


a) Cres que a Declaración de Dereitos e a Constitución de 1791 foron importantes? Por que?

b) Indica que diferenzas existían entre os xirondinos e os xacobinos.

c) Cantas constitucións se elaboraron en Francia durante a Revolución? En que se diferencian?

d) Expressa sinteticamente a túa opinión sobre a importancia histórica da Revolución Francesa.

4 Recapitula e completa o seguinte esquema.



A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

O PERÍODO NAPOLEÓNICO E A EUROPA DA RESTAURACIÓN

O período napoleónico (1799-1815)

En **política interior**, Napoleón intentou consolidar os logros da Revolución.

- **pacificou o país**, eliminou a oposición radical, permitiu o regreso da nobreza e asinou un Concordato ou acordo co papa (1801).

- **realizou diversas reformas** como o Código Civil, que recollía a igualdade ante a lei, implantou a liberdade económica e fomentou a instrución pública.

Por isto, Napoleón foi nomeado cónsul vitalicio (1802) e posteriormente emperador (1804).

En **política exterior** tratou de crear un **grande imperio** baixo a autoridade de Francia. Entre 1805 e 1810 dominou gran parte de Europa mediante campañas militares, colocando á fronte dos países conquistados a familiares ou a xeneais franceses. Só Gran Bretaña resistía a ameaza francesa. Non obstante, o dominio francés provocou nestes países movementos nacionalistas.

Tras o **fracaso da invasión de Rusia** en 1812 e a derrota en España en 1814, unha coalición de potencias europeas derrotou definitivamente a Napoleón en **Waterloo** (1815) e restableceu en Francia a monarquía na persoa de Luís XVIII.

- 1 Busca información sobre a figura de Napoleón e elabora unha breve biografía, destacando as súas realizacións políticas. Axúdате, se é necesario, do teu libro de texto.



A coroación de Napoleón, de Louis David.

Biografía de Napoleón

Nome e apelidos:

A Europa da Restauración

As potencias vencedoras de Napoleón reuníronse no **Congreso de Viena** (1814-1815), restableceron o absolutismo e re-organizaron o mapa de Europa.

- **O restablecemento do absolutismo** realízoase restaurando nos seus tronos aos monarcas depostos por Napoleón e considerando que a súa lexitimidade procedía de Deus.

- **A reorganización do mapa de Europa** consistiu en que Francia volveuse aos

seus límites de 1791, e as potencias vencedoras repartiran os territorios, sen ter en conta as aspiracións nacionais de moitos pobos.


Para asegurar a orde establecida no Congreso de Viena creouse a **Santa Alianza**, que comprometía aos seus membros a prestarse axuda en caso de ameaza revolucionaria.

A restauración do absolutismo, non obstante, non puido impedir a expansión por Europa de novas ideas, como o liberalismo e o nacionalismo.

4 Explica o significado da frase «O Congreso de Viena supuxo o restablecemento do absolutismo en Europa».

5 Observa o mapa de Europa tras o Congreso de Viena, e indica os cambios territoriais que afectaron aos seguintes países.

– Francia – Austria – Prusia – Reino Unido – Rusia



6 Recapitula o aprendido e das seguintes frases subliña as que sexan correctas.

- Napoleón intentou crear un imperio europeo baixo a dirección de Francia.
- Bonaparte obtivo decisivas vitorias en Rusia e España.
- Napoleón foi derrotado definitivamente en Waterloo en 1815.
- Bonaparte consolidou a igualdade ante a lei mediante o seu Código Civil.
- O Congreso de Viena antepuxo os intereses dos monarcas aos dos pobos.
- A Santa Alianza serviu para combater a ameaza revolucionaria do liberalismo.

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

O LIBERALISMO E AS ONDADAS REVOLUCIONARIAS DE 1820, 1830 E 1848

A ideoloxía liberal

Foi o motor das revolucións liberais, e defendía o respecto aos dereitos naturais como a liberdade e a propiedade, a igualdade ante a lei, así como a soberanía nacional e a división de poderes.

As revolucións liberais

Tiveron lugar en tres ondadadas sucesivas: na década de 1820, en 1830 e 1848.

- As revolucións **da década de 1820** foron levantamentos contra o absolutismo ocorridos en **España, Portugal, Nápoles e Piemonte**, que fracasaron. Só **Grecia**,

que se sublevou contra o dominio turco, logrou a súa independencia en 1829.

- As revolucións **de 1830** levaron aos liberais ao poder en **Francia**, onde se implantou unha monarquía constitucional baixo Luís Felipe de Orleáns; en **Bélxica**, que se independizou de Holanda; e en **España e Portugal**. En **Polonia** fracasou, sufocada polos rusos. Unha vez no poder, o liberalismo fíxose conservador, limitou as liberdades e implantou o sufraxio censitario, excluindo do poder aos grupos populares.

- 1** Sinala cun X cales dos seguintes principios políticos corresponden á ideoloxía liberal.

Separación de poderes	☐
Poder de orixe divina	☐
Existencia dunha Constitución	☐
Soberanía nacional	☐
Dereito de voto	☐
Recoñecemento de dereitos e liberdades	☐
Concentración de poder no rei	☐
Igualdade ante a lei	☐

- 2** Completa o seguinte esquema sobre as revolucións liberais.

	Revolucións de 1820	Revolucións de 1830
Países		
Feitos principais		
Resultados		


Nome e apelidos:

As revolucións de **1848** iniciáronse en **Francia**, onde Luís Felipe tivo que abandonar o trono, e proclamouse a República. Tamén houbo ondatas revolucionarias en **Prusia, Austria-Hungría, a Confederación Xermánica** e nalgúns **estados italianos** como Nápoles ou Venecia. Nelas os revolucionarios contaron coa participación das clases traballadoras e esixiron o sufraxio universal masculino e melloras sociais. Pero o temor

ao radicalismo proletario asustou á burguesía, que reprimiu as revolucións e implantou un liberalismo conservador

As consecuencias das revolucións foron a implantación de ideas liberais na maioría dos países de Europa occidental, a abolición da servidume en gran parte de Europa central e oriental, e a difusión dos ideais democráticos.

- 3 Observa o mapa das revolucións de 1848 e elabora un comentario explicando como se desenvolveron, os seus principais feitos, onde se deron e cales foron os seus resultados.



- 4 Recapitula o aprendido e responde ás seguintes cuestións.
- Cando tiveron lugar as ondatas revolucionarias liberais?
 - Que país logrou a independencia e ante quen en 1829?
 - Que monarquía se estableceu en Francia en 1830? Ata cando estivo en vigor? Por que?
 - Que diferenza ás revolucións de 1848 das anteriores?
 - É igual o liberalismo anterior ás revolucións de 1848 que posteriormente? En que se diferencian?
 - Cales foron as consecuencias das revolucións?

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

O LIBERALISMO E AS ONDADAS REVOLUCIONARIAS DE 1820, 1830 E 1848

A ideoloxía nacionalista

Considera que a unidade fundamental da vida das persoas é a **nación**, entendida como comunidade que posúe unha historia, unha lingua e unha cultura comúns. O seu obxectivo é que cada pobo ou nación teña o seu propio Estado soberano.

O nacionalismo do século XIX actuou nun dobre sentido:

- nos **estados plurinacionais**, contribuíu á independencia de nacións; así ocorreu en **Grecia**, que se separou do imperio turco; en **Bélxica**, que se escindiu do reino dos **Países Baixos**, e en Irlanda, que non logrou de momento separarse de Inglaterra.

- nas **nacións divididas en varios estados**, o nacionalismo contribuíu a unificalas nun só Estado, como ocorreu en **Italia** e en **Alemaña**.

A unificación italiana (1859-1870)

Italia estaba dividida en sete estados. A unificación estivo dirixida por **Vítor Manuel II**, rei de Piemonte-Sardegna, e o seu primeiro ministro **Cavour**, e realizouse nas seguintes etapas:

- en 1859-60 logrouse a anexión de Lombardía expulsando aos austríacos, a incorporación dos estados centrais italianos e a conquista do sur por Garibaldi.

- en 1866 foi anexionada Venecia.

- en 1870 foron anexionados os Estados Pontificios e Roma.

A unificación alemá (1864-1871)

Alemaña formaba a Confederación Xermánica, integrada por 30 estados. A unificación foi dirixida polo reino de Prusia, baixo **Guillermo I** e o seu chanceler **Bismarck**, e realizouse en dúas etapas principais:

- en 1866 Prusia derrotou a Austria en **Sadowa** e unificou os estados alemáns do norte.

- en 1870 derrotou a Francia en **Sedán**, proclamando Bismarck o II Reich (1871) ou imperio alemán. A nova Alemaña, que adoptou un sistema político federal baixo a hexemonía prusiana, converteuse no Estado mais forte de Europa.

1 Indica se as seguintes frases relacionadas co nacionalismo son verdadeiras (V) ou falsas (F) e escribe correctamente as falsas.

- a) O nacionalismo entende a nación como a unidade básica da vida ☐
- b) A nación está definida por unha historia, unha lingua e unha cultura comúns ☐
- c) Alemaña foi unificada pola acción de Vítor Manuel II e Cavour ☐
- d) Para o nacionalismo, os pobos con identidade propia deben ter o seu propio estado soberano ☐
- e) Prusia foi o estado que levou a cabo a unificación de Italia ☐
- f) Vítor Manuel II do Piemonte e o seu ministro Cavour foron os artífices da unidade italiana..... ☐
- g) Guillermo I de Prusia e o seu chanceler Bismarck foron os artífices da unificación alemá ☐

Nome e apelidos:

- h) Grecia logrou independizarse do imperio alemán ☐
- i) Bélxica independizouse de Holanda separándose do reino dos Países Baixos ... ☐
- j) Irlanda logrou no século XIX independizarse de Gran Bretaña ☐

2 Observa o seguinte mapa da unificación italiana, distingue con cores os territorios unificados nas sucesivas etapas e completa a ficha correspondente.

UNIFICACIÓN ITALIANA	
Estado que a realiza	
Protagonistas	
Etapas	



3 Observa o seguinte mapa da unificación alemá, distingue con cores os territorios unificados nas sucesivas etapas e completa a ficha correspondente.

UNIFICACIÓN ALEMÁ	
Estado que a realiza	
Protagonistas	
Etapas	




A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

ESQUEMA DA UNIDADE



A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

Nome e apelidos:

Curso: Data:

ACTIVIDADES DE AUTOAVALIACIÓN

1 Une con frechas os termos das seguintes columnas que teñan relación entre si.

- | | |
|---------------------------|--------------------------------|
| a) Constitución de 1787 | 1. Napoleón Bonaparte |
| b) Asemblea Lexislativa | 2. Restauración do absolutismo |
| c) Waterloo | 3. Nacemento de EE.UU. |
| d) Congreso de Viena | 4. Revolución Francesa |
| e) Cavour | 5. Revolución de 1830 |
| f) Bismarck | 6. Unificación de Alemaña |
| g) Luís Felipe de Orleáns | 7. Unificación de Italia |

2 Escribe cada un dos seguintes termos na definición que corresponda.

- | | |
|---------------------|-----------------|
| – DITADURA XACOBINA | – SANTA ALIANZA |
| – LIBERALISMO | – CONSULADO |
| – NACIONALISMO | |

- a) Goberno radical exercido por Robespierre durante a Revolución Francesa.
- b) Ideoloxía política que propugna a separación de poderes e o recoñecemento de liberdades e dereitos cidadáns.
- c) Organización formada en 1815 por varios países absolutistas europeos para colaborar na represión do liberalismo.
- d) Ideoloxía que propugna que os pobos cunha identidade propia posúan un estado soberano e independente.
- e) Réxime político implantado por Bonaparte en 1799 no que o poder residía en tres cónsules.

3 Subliña as frases que sexan correctas.

- a) As revolucións liberais do XIX concretáronse en sucesivas ondas en 1820, 1830 e 1848.
- b) O Motín do té en Boston foi o detonante da independencia das Trece Colonias.
- c) O Congreso de Viena foi decisivo para o triunfo do liberalismo en Europa.
- d) A Revolución Francesa suprimiu en Francia o absolutismo e o Antigo Réxime.
- e) No século XIX Grecia e Bélxica foron sometidas baixo o dominio do imperio turco.
- f) Os xacobinos eran revolucionarios máis radicais cós xirondinos.
- g) O liberalismo defende a concentración de poderes en mans do rei.
- h) En 1830 implantouse en Francia a monarquía constitucional de Luís Felipe de Orleáns.
- i) Estados Unidos constituíu un réxime absolutista ao lograr a súa independencia.
- j) As revolucións de 1848 foron máis democráticas cás de 1830.
- k) Os reinos de Prusia e do Piemonte lideraron, respectivamente, as unificacións de Alemaña e de Italia.